

Branca de neve

Tras anos tentando converterse na xefa da empresa, por fin acercábase o día que tanto desexou. Tivera que aguantar todos os comentarios dos seus compañeiros, chamábanlle fría e pouco divertida, era a primeira muller que estaba tan cerca de ter ese poder na empresa, traballou moito para encontrarse onde estaba e non estaba orgullosa de todo o que fixo e de todo o que tivo que aguantar.

Acababa de entrar unha nova bolseira na empresa, chamábanlle Branca de Neve, xa que era moi pálida, aínda que sempre se encontraba un pouco de rubor nas súas meixelas, non podía ter máis de vinte e catro anos e xa captou a atención de varios homes na planta, víase que era una nena entusiasta e con ganas de traballar.

A primeira semana Branca recibiu sorrisos e axuda dos seus compañeiros, ela pensaba o amábeis que eran con ela e a sorte que tivera de poder traballar na empresa, co paso dos días comezaba a notar máis atención nela dalgunhas persoas en particular. Empezou a notar miradas non desexadas a cada paso e pequena acción que facía, sentíase observada, vixiada, non obstante quixo pensar que só era parte da súa imaxinación e non fixo ningún comentario aos seus superiores.

O primeiro mes pasou e acabouse a historia feliz e o traballo cada vez facíase máis pesado, os compañeiros de Branca comezaron a pedirlle como favor se podía facer unha parte do seu traballo porque eles non tiñan tempo, o que máis adiante se converteu máis nun deber que nun favor.

A peor parte comezou cando un dos traballadores se atreveu a refregarse contra ela nun momento que ela se agachou a recoller algo, estaba repugnada, os amigos deste ríronse da súa acción mentres que ela non sabía como actuar, sentíase impotente. Calou por un tempo os tratos que estaba a recibir ata que chegou o día que obtivo a valentía para informar ao xefe da empresa.

Cando entrou a súa oficina estaba asustada, ela só levaba dous meses na empresa e nin sequera era unha traballadora fixa, non era ninguén alí e non quería comezar problemas e que as consecuencias caeran nela. Suspirou, intentou sacar todos os pensamentos negativos da súa cabeza e acomodouse na cadeira. No momento que o xefe rematou a chamada que estaba atendendo, posou os ollos nela e fíxolle unha sinal para que comezara a falar. Ela explicoulle o que estaba a ocorrer e para sorpresa e desgraza dela, interrompeuna e avisouna de que as acusacións que estaba a facer eran moi serias, que nin tiña probas e que se insistía no tema obrigáranla a deixar o programa, recibindo unha mala recomendación para o seu futuro. Con lágrimas nos ollos abandonou a oficina, dirixiuse o baño, onde conseguiu recompoñerse e saír de novo para seguir co seu traballo. Como se supoñía que debería seguir tendo gañas de traballar?

Había unha razón porque a maioría de mulleres abandonaban este tipo de traballos ou calaba o que ocorría ao seu arredor, nalgúns sitios pasaba con tanta frecuencia que xa estaba normalizado, non era unha maneira fácil de vivir e a situación empeoraba se intentabas ascender e ser alguén no teu traballo e iso xa o vivira a futura xefa de empresa, na súa carreira fixéronlle demasiadas promesas non cumpridas, moitas palabras baleiras, viviu moitas cousas que preferiría esquecer, ademais se falase non estaría onde se encontraba.

O venres de esa semana, Branca tivo que quedarse a facer horas extra, o último que quería despois de ter a semana que viviu. Era a última na oficina o a menos iso era o que ela cría. Estaba a recoller as últimas cousas do seu escritorio, só tiña que facer iso e apagar as luces e por fin podería irse a súa casa a caer nos brazos de Morfeo. Escoitou pasos e sorprendeuse, non quixo pensar que era un

intruso, a oficina era grande e non era a primeira vez que traballadores volvían para recoller algo, precipitarse en conclusións non era a mellor opción. Preguntou a identidade da persoa pero non obtivo resposta. Cando o home que tentou esquivar os últimos días apareceu diante súa, foi o momento que empezáronlle a tremer as pernas.

El comezou a replicarlle con burla como se atreveu a tentar denuncialo, ela tratou de calmalo e de afastarse pouco a pouco, pero era inservible, el comezou a acercarse cada vez máis, agarroulle da moneca e susurroulle con malicia que o ía a pagar. O que ningún dos dous sabía era que a futura xefa decatouse do que estaba a vivir Branca, e ao contrario que os demais, ela si quería axudala.

No momento que o floreiro golpeou a cabeza do traballador, el caeu ao solo e nos seguintes instantes só se escoitou o son da cerámica romperse, Branca mirou a muller perplexa e no interior aliviada. Cando as dous dirixiron a mirada cara o home tirado no chan cun charco de sangue ao redor da cabeza, ningunha quixo dicir en alto a pregunta que a ambas cruzoulle pola cabeza. Estaba morto?